

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12 da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. En que situación administrativa se atopa o persoal estatutario que está de baixa por motivo de incapacidade temporal?

- A) Servizos especiais.
- B) Servizo activo.
- C) Suspensión de funcións.
- D) Servizos baixo outro réxime xurídico.

2. Segundo o establecido no Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 8 horas.
- B) 12 horas.
- C) 14 horas.
- D) 7 horas.

3. No artigo 17 da Constitución española establécese que a lei regulará un procedemento de "habeas corpus". En que consiste?

- A) É o dereito de toda persoa detida de ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.
- B) É unha figura legal que establece que ninguén pode ser obrigado a declarar.
- C) É un procedemento mediante o que se poderá obter a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.
- D) É un procedemento mediante o que se garante a asistencia de avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais.

4. É unha función do Parlamento de Galicia segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía:

- A) Nomear e cesar aos Vicepresidentes e Conselleiros.
- B) Exercer a función executiva da Comunidade Autónoma.
- C) Ostentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- D) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.

5. O órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas denomínase:

- A) Comité de Seguridade e Saúde.
- B) Comisión de Seguridade e Saúde no Traballo.
- C) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) Servizo de prevención.

6. Segundo a lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, as enfermidades, patoloxías, ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo denomínanse:

- A) Risco laboral.
- B) Condición de traballo.
- C) Risco laboral grave e inminente.
- D) Daños derivados del trabajo.

**7. A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece como unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:**

- A) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- B) A elixir médico e demais profesionais sanitarios titulados de acordo co establecido na lei.
- C) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- D) A confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.

**8. O Servizo Galego de Saúde:**

- A) Está integrado por tódolos centros, servizos e establecementos sanitarios de natureza pública ou privada concertada da Comunidade Autónoma.
- B) É un organismo autónomo de natureza administrativa, pero sen personalidade xurídica propia.
- C) Dispón dun consello de dirección que será presidido polo Presidente da Xunta.
- D) Está adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela.

**9. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, establece que os centros sanitarios e os facultativos de exercicio individual só facilitarán o acceso á historia clínica dos pacientes falecidos:**

- A) Aos familiares de primeiro grao, salvo oposición expresa do cónxuxe.
- B) Ás persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, sempre que o falecido o autorizase no documento de instrucións previas.
- C) Ás persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, salvo que o falecido o prohibise expresamente e así se acredite.
- D) En ningún caso se permite o acceso á historia clínica dos pacientes falecidos, salvo risco para a saúde pública.

**10. Dentro dos tipos de mobilidade por razón de saúde ou rehabilitación ou por motivo de protección social que establece o Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, NON se atopa o seguinte:**

- A) Mobilidade por razón de protección da maternidade.
- B) Mobilidade por razón de violencia de xénero.
- C) Mobilidade por razón de saúde do cónxuxe ou fillo ou persoa maior ao seu cargo.
- D) Mobilidade voluntaria dentro da área sanitaria.

1. Segundo o establecido na Lei de saúde de Galicia, cal dos seguintes NON ten a condición de autoridade sanitaria dentro das súas respectivas competencias:

- A) A persoa titular da consellería con competencias en sanidade.
- B) O Consello Galego de Saúde.
- C) O Consello da Xunta de Galicia.
- D) Os alcaldes e alcaldesas.

2. Segundo o artigo 13 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os tribunais de selección:

- A) Serán nomeados por orde da Consellería de Sanidade.
- B) Estarán compostos dun número impar de membros non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.
- C) Os seus membros deben ter a condición de persoal estatutario, non podendo formar parte o persoal funcionario de carreira.
- D) Polo seu réxime específico, non están obrigados a axustar a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados.